

Taiwán: democracia e intereses económicos

Romer Cornejo

A complexa situación actual de Taiwán suscita cuestionamentos e reflexións que poden botar luz sobre asuntos relevantes e teoricamente inconclusos nas ciencias sociais, como o papel do voluntarismo das elites políticas, os diferentes cursos que seguen os sistemas democráticos e o nacionalismo, así como sobre a actuación de China no escenario mundial e a súa relación cos Estados Unidos. Neste texto propóñome explorar algúns elementos do xeito como se articulou a relación de Taiwán con China durante o proceso de establecemento do seu sistema democrático ata a actual conxuntura de interacción económica.

A historia da relación entre China e Taiwán estivo fortemente condicionada pola natureza política de ambos reximes e a súa relación cos Estados Unidos, e recentemente agregouse a interrelación económica entre ambas as partes do estreito. Por esas circunstancias, o goberno de Taiwán está actualmente lidando na súa relación con Beijing co poder económico e militar deste, coa opinión da súa propia sociedade, coas grandes empresas que sustentan a súa economía exportadora e coa súa relación cos Estados Unidos.

Na situación interna de ambas as partes, sen negar o papel das condicións externas, a vontade das elites políticas explica tanto os resultados dos seus respectivos proxectos económicos coma o proceso de democratización do sistema político de Taiwán. Con todo, a interrelación entre as economías parece que xogará un papel fundamental na relación no Estreito.

Desde o establecemento do goberno do Partido Nacionalista, Guomindang, na illa de Taiwán en 1949, as relacións con Beijing foron o eixo a partir do cal articulouse a dinámica política interna e as relacións co exterior, sen descartar a súa influencia no desenvolvemento económico⁽¹⁾. Nun primeiro momento, a relación neste Estreito estaba dada polo reclamo mutuo da lexitimidade do goberno de toda a entidade considerada chinesa, a República Popular da China, cos límites establecidos polo Partido Comunista sobre os do vello imperio Qing, e a República China, cos límites establecidos polo Guomindang que, paradoxalmente, contaba co amparo do asento na Organización das Nacións Unidas.

É relevante constatar que, nesta perspectiva, ambos os dous partidos asumían a Tíbet e Xinjiang como parte do territorio chinés. A partir de 1971, coa expulsión de Taipei da ONU e co descoñecemento do seu goberno pola maioría dos países

(1) É importante lembrar que o repregue do Guomindang en Taiwán implicou o establecemento na illa de todo o aparato de goberno que ese partido tiña en China, e que se trasladou a Taiwán cun enorme contingente de funcionarios, militares, empresarios, intelectuais etc. que se erixiron como elite gobernante nese pequeno territorio, imponéndose sobre a maioría dos habitantes, de orixe chinesa, e dos poucos nativos que sobreviviran á presenza continental e aos avances coloniais de países europeos e de Xapón.